



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS.

A Concellaría de Deportes, Cohesión Social e Voluntariado do Concello de Sada ten entre os seus obxectivos a promoción e o fomento da Educación Física e o Deporte, especialmente o deporte base e o deporte de competición, de acordo a lexislación de réxime local e deportiva.

A práctica deportiva, caracterízase pola necesidade de contar cunha serie de equipamentos deportivos que faciliten e melloren as condicións en que os deportistas desenvolven a súa modalidade ou especialidade.

Tendo en conta a importancia que as entidades deportivas sen ánimo de lucro teñen nesa actuación do fomento da práctica deportiva, faise preciso arbitrar un sistema de axudas públicas dedicadas á adquisición de equipamentos, co fin de contribuír na modernización e actualización do material deportivo necesario para o adecuado exercicio da práctica deportiva de que dispoñen as citadas entidades.

O Concello segundo o artigo 25.2.I da Lei das Bases Reguladoras de Réxime Local 07/1985 de 02 abril, abrangue entre as competencias propias do concello a promoción do deporte, instalacións deportivas e ocupación activa do tempo libre. De aí a importancia de potenciar, desde o ente municipal, a adquisición de equipamentos que permitan mellorar a calidade da actividade deportiva que lévase a cabo entre o tecido asociativo deportivo do noso municipio.

Base 1ª. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases é establecer o réxime das axudas para a adquisición de equipamentos deportivos con cargo ao orzamento do Concello de Sada en réxime de concorrencia competitiva, estas subvencións están recollidas dentro do Plan Estratéxico de subvencións 2020-2022, aprobadas en sesión plenaria celebrada o pasado 25 de xuño de 2020, e publicadas no BOP nº 98 do día 1 xullo de 2020.conforme aos orzamentos en vigor do Concello de Sada aprobados en Sesión Ordinaria de Pleno de 07 de Abril de 2022, destinaranse 25.000€ con cargo á aplicación orzamentaria 341.48000

As axudas recollidas nestas bases incardínanse no réxime de axudas de mínimos establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea as axudas de mínimos (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).

Base 2ª. Financiamento

A concesión das subvencións, que constitúen o obxecto destas Bases Reguladoras, estará limitada ao crédito máximo dispoñible na aplicación orzamentaria 341.48000 do Orzamento en vigor do Concello de Sada.

Base 3ª.- Convocatoria anual

A Convocatoria establecerá o importe máximo desta liña de financiamento, importe, que poderán ser ampliados no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución, ao amparo do disposto na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Base 4ª. Entidades beneficiarias

Poderán ter a condición de entidades beneficiarias:

1. Clubs ou entidades deportivas do municipio de Sada inscritos/as no Rexistro de Asociacións Deportivas Municipais.

Quedan expresamente excluídos:

1. Todos aqueles que teñan cantidades pendentes de reintegro procedentes de subvencións anteriores.

2. As entidades debedoras do Concello de Sada.

3. As entidades sancionadas en firme por infracción moi grave por órganos de xustiza deportiva.

Base 5ª. Solicitude e documentación

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOPC) e, con posterioridade, remítaselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOPC do seu extracto, sen prexuízo da súa inserción en nos perfís telemáticos municipais.

As solicitudes, xunto coa documentación adxunta, dirixiranse ao Concello de Sada, presentándoas obrigatoriamente de forma TELEMÁTICA e conforme aos modelos ou anexos recollidos nestas Bases, e realizarase exclusivamente a través da sede electrónica www.sada.sede.gal, de acordo co previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Conforme a devandito artigo, todos os trámites relativos a este procedemento realizaranse por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Sada,

As solicitudes e demais modelos da convocatoria tamén poderán descargarse da páxina web: www.sada.gal

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello de Sada ao tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

Todas as notificacións realizaranse exclusivamente polo seguinte medio:

Notificación electrónica por comparecencia na sede electrónica do Concello de Sada (www.sada.sede.gal). Este sistema remitirá aos interesados avisos da posta a disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento no que produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

A documentación que se presentará con carácter xeral comprenderá:

1. Documentación preceptiva en modelos normalizados, segundo Anexos das Bases:

1. As solicitudes irán dirixidas ao Concello de Sada segundo o modelo normalizado que se inclúe como anexo II; deberá presentarse unha única solicitude por cada posible beneficiario. A súa presentación implica o compromiso de someterse ás normas reguladoras da subvención establecidas nesta resolución.

Na solicitude, a persoa solicitante fará constar:

a.1. O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos para os mesmos equipamentos solicitados ao abeiro desta resolución e o compromiso de comunicar cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

a.2. Que a entidade deportiva non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

a.3. O equipamento solicitado e o seu custo.

a.4. A estrutura da entidade (ámbito internacional, estatal, autonómico ou local), logros deportivos, e o número de licenzas (nº total de licenzas, nº de licenzas femininas, nº de licenzas de deportistas con discapacidade, nº de licenzas de categorías previa á absoluta).

Non se contabilizaran as licenzas de día.

2. Xunto coa solicitude, a persoa solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

a) Certificación emitida polo/a secretario/a da entidade deportiva solicitante ou persoa que teña atribuída a potestade para certificar, segundo o modelo do anexo III, na cal se faga constar o acordo do órgano colexiado competente da entidade deportiva polo cal se solicita a subvención para as actuacións que se pretenden executar ao abeiro desta resolución

O dito acordo deberá estar adoptado entre a data de publicación da convocatoria no BOP e o día de vencemento do prazo de presentación de solicitudes e deberá expresar todos os equipamentos que integran a solicitude, que deberán de ser os consignados no anexo II, o orzamento de cada equipamento, así como o orzamento total. Os importes dos orzamentos parciais e total deberán incluír o IVE.

b) Memoria xustificativa da necesidade dos equipamentos para as cales solicitan subvención asinada polo/a representante da entidade deportiva (anexo IV).

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberanse indicar o o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. No caso de que algún dos documentos que cómpre presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do Concello de Sada, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada nun parágrafo anterior.

Base 6ª. Presentación de solicitudes. Prazos e lugar de presentación

A presentación da solicitude implica:

- a. A aceptación incondicional das Bases Reguladores e da Convocatoria.
- b. A aceptación incondicional dos requisitos e deberes que conteñen as Bases e a convocatoria.
- c. Autorización ao órgano que concede para solicitar as certificacións ao Concello de Sada.
- d. Autorización implícita ao Concello de Sada para tratar a información persoal e deportiva nas distintas fases de tramitación.

As solicitudes e todos os trámites relacionados co expediente de subvención presentaranse de forma telemática na sede electrónica do Concello de Sada e os prazos de presentación serán: 10 días naturais desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP

Base 7ª. Criterios de valoración.

1. A comisión avaliará as solicitudes presentadas de acordo cos seguintes criterios de valoración:

A) Méritos deportivos da entidade. Ata 70 puntos.

Na valoración deste criterio, terase en consideración:

A.1) Estrutura deportiva: valorarase a participación en competicións oficiais organizadas por unha federación deportiva, no ano 2021-2022.

- Ámbito internacional: 15 puntos
- Ámbito estatal: 12 puntos.
- Ámbito autonómico: 8 puntos.
- Ámbito local: 5 puntos

Neste criterio, haberá que sinalar os logros máis importantes de cada unha das categorías que serán obxecto de valoración.

A.2) Logros deportivos: valorarase a obtención de determinados resultados en competicións oficiais organizadas por unha federación deportiva, no ano 2021-2022:

- Finalista de Europa/Mundo individual ou colectivo (entre os 8 primeiros clasificados): 15 puntos.
- Finalista de España individual ou colectivo (entre os 8 primeiros clasificados): 10 puntos.
- Campións galegos individuais ou colectivo: 5 puntos.

En todo caso, a suma de todos os puntos non poderá superar a puntuación máxima da epígrafe (30 puntos).

B) Ámbito subxectivo do uso do equipamento deportivo: Ata 60 puntos.

Na valoración deste criterio, terase en consideración a tempada 2021 ou 2021/22:

1) Número total de licenzas federativas: ata 20 puntos.

- 150 ou máis deportistas con licenza federativa: 20 puntos.
- Entre 100 e 149 deportistas con licenza federativa: 15 puntos.
- Entre 50 e 99 deportistas con licenza federativa: 10 puntos.
- Entre 20 e 49 deportistas con licenza federativa: 5 puntos.

2) Apoio á igualdade de xénero: valorarase contar cunha porcentaxe de deportistas femininas con licenza federativa. Ata 10 puntos, ponderación segundo número de licenzas.

- Ter unha porcentaxe de máis do 50 % de deportistas femininas con licenza federativa. 10 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre máis do 40 % e o 49 % de deportistas femininas con licenza federativa. 8 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre máis do 30 % e o 39 % de deportistas femininas con licenza federativa. 6 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre o 20 % e o 30 % de deportistas femininas con licenza federativa. 4 puntos

3) Apoio ás persoas con discapacidade: valorarase contar cunha porcentaxe de deportistas con discapacidade con licenza federativa. Ata 10 puntos, ponderación segundo número de licenzas.

- Ter unha porcentaxe de máis do 50 % de deportistas con discapacidade con licenza federativa. 10 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre máis do 40 % e o 49 % de deportistas con discapacidade con licenza federativa. 8 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre máis do 30 % e o 39 % de deportistas con discapacidade con licenza federativa. 6 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre o 10 % e o 29 % de deportistas con discapacidade con licenza federativa. 4 puntos

4) Apoio ao deporte de base: valorarase contar cunha porcentaxe de deportistas con licenza federativa nas categorías previas á absoluta. Ata 20 puntos:

- Ter unha porcentaxe de máis do 70 % de deportistas con licenza federativa nas categorías previas á absoluta. 20 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre máis do 50 % e o 69 % de deportistas con licenza federativa nas categorías previas á absoluta. 18 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre máis do 30 % e o 49 % de deportistas con licenza federativa nas categorías previas á absoluta. 15 puntos
- Ter unha porcentaxe de entre o 20 % e o 29 % de deportistas con licenza federativa nas categorías previas á absoluta. 10 puntos

A puntuación mínima para optar ás axudas obxecto desta subvención será de 30 puntos.

Base 8ª. Intensidade da axuda.

A subvención será do 80 % do gasto subvencionable, e a porcentaxe restante será achega da entidade beneficiaria, ata esgotar o crédito dispoñible atendendo á orde de prelación das persoas beneficiarias.

Establécese como gasto mínimo subvencionable unha contía de 1.000,00 €, dos cales a entidade beneficiaria deberá achegar 200,00 €.

Non obstante o anterior, o importe total da axuda que se concederá non poderá superar a cantidade máxima de 12.000,00 € por entidade beneficiaria.

Base 9ª. Tramitación. Emenda ou mellora nas solicitudes

As solicitudes tramitaranse de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións de acordo coa súa disposición última primeira.

As deficiencias e as omisións na solicitude e restante documentación preceptiva deberán emendarse no prazo de dez días desde o requirimento efectuado por medio da sede electrónica do Concello de Sada. De non efectuar a corrección no prazo indicado terase por desistido da súa petición. (Art. 68, Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento administrativo común das administracións públicas). Unha vez pechado o prazo de admisión das solicitudes non se poderá incluír nova documentación salvo a requirida expresamente polo Concello de Sada.

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á Concellería de Deportes, Cohesión Social e Voluntariado do Concello de Sada que realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formular un listado definitivo de entidades admitidas e dar traslado ao órgano de avaliación para a baremación das solicitudes.

O órgano colexiado encargado de emitir o informe de avaliación estará constituído polo Concelleiro de Deportes do Concello de Sada ou unha persoa en quen delegue en calidade de presidente, o/a secretario/a ou funcionario/a que o/a substitúa, o/a interventor/a ou funcionario/a que o/a substitúa.

O Órgano Instrutor, unha vez realizada a valoración das solicitudes, elevará a proposta de resolución á Xunta de Goberno Local.

O prazo para a resolución das peticións de subvención será de seis meses. Ao vencemento deste prazo, se non se produce comunicación de resolución lexítima, entenderase desestimada esta solicitude por silencio administrativo.

Toda publicación/notificación, sexa individual ou colectiva, que faga referencia a estas bases realizarase na sede electrónica do Concello de Sada, e conforme ao recollido no artigo 14 da Lei 39/2015.

As entidades beneficiarias terán un prazo de 10 días, desde a notificación da resolución definitiva, para aceptar ou rexeitar a subvención, de non se producir manifestación expresa entenderase aceptada tacitamente.

Contra a resolución, que pon fin ao procedemento administrativo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Consello Reitor do Concello de Sada no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, sen prexuízo da interposición de calquera outro que se estime conveniente.

Base 10ª. Equipamentos deportivos subvencionables

1. Só resultará susceptible de ser subvencionada a adquisición de equipamento deportivo inventariable (entendendo por tal o ben moble non funxible, é dicir, aquel do cal se pode bfacer uso sen que se consuma polo uso normal para o que está destinado), para ser destinado á participación en competicións deportivas oficiais ou á realización de adestramentos.

2. No anexo I enumérase a relación, non limitativa, de equipamentos deportivos subvencionables. A Comisión de Valoración poderá ampliar a relación de equipamentos deportivos subvencionables que se recollen no anexo I, en función das solicitudes presentadas e sempre que quede xustificada a súa utilización para a práctica deportiva desenvolta.

Base 11ª. Xustificación.

1. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados ata 15 días despois da resolución de convocatoria.

O pagamento da subvención quedará condicionado, para os supostos en que non se solicitase o pagamento anticipado, á presentación da xustificación e solicitude de pagamento.

2. Na xustificación e/ou solicitude de pagamento, de ser o caso, deberá constar:

a. O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

De haber outros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada, deberá incluírse unha relación detallada de tales ingresos ou subvencións con indicación do importe e da súa procedencia.

b. Deberase achegar a documentación seguinte:

a) Certificación responsable asinada polo/a secretario/a da entidade deportiva beneficiaria segundo o anexo VI desta resolución, na que conste:

1º. A aprobación polo órgano competente da xustificación da subvención, na cal se faga constar de forma detallada:

O cumprimento da finalidade da subvención.

Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: identificación do/da acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de pagamento.

2º. Que, segundo informe do tesoureiro da entidade deportiva beneficiaria, se anotou na contabilidade do gasto correspondente a adquisición do equipamento subvencionado.

3º. Que, segundo informe do/a secretario/a da entidade deportiva beneficiaria, a adquisición de equipamentos se realizou seguindo o seguinte procedemento:

– Solicitude de tres ofertas, de conformidade co establecido no artigo 48.2.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

– Que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa.

– Que as solicitudes das ofertas, a elección e o pagamento do equipamento se realizou con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 e que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

b) Relación clasificada de gastos (anexo VI) e facturas xustificativas dos investimentos realizados coa xustificación dos pagamentos que deberá acreditar que se fixeron cos requisitos exixidos no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de subvencións de Galicia. Os investimentos xustificáranse con facturas e

demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinal ou copias auténticas electrónicas.

Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente. A xustificación dos pagamentos acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como o número de factura obxecto do pagamento e a data deste.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

Con carácter excepcional, aceptarase a xustificación do pagamento mediante recibo do provedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros.

As facturas e os xustificantes bancarios dos correspondentes pagamentos deberán estar expedidos entre o 1 de xaneiro de 2022 e a data límite da xustificación do proxecto.

3. A presentación da solicitude de pagamento de subvención e a xustificación da subvención pola persoa interesada ou representante comportará a comprobación, polo órgano xestor, de que está ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, de que está ao día no pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 5 de comprobación de datos.

4. O Concello de Sada poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como, de ser o caso, o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención, incluíndo a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

Base 12ª. Prazos de presentación da xustificación.

A xustificación deberá presentarse, sen prexuízo do sometemento ás actuacións de comprobación que fosen precisas, nos seguintes prazos:

- No prazo de dez días naturais desde a notificación da subvención.

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta, o instrutor do expediente requiriralle ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada a xustificación aos efectos do previsto no capítulo II do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado no requirimento levará consigo a perda de dereito da subvención, a esixencia do reintegro das cantidades a conta recibidas e demais responsabilidades establecidas na lexislación vixente en materia de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional dos quince días non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lexislación en materia de subvencións, correspondan.

Base 13ª. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas.

As subvencións concedidas ao amparo destas bases reguladoras son compatibles con outras axudas. Os ingresos directamente relacionados co obxecto da subvención non poderán exceder do 100% do gasto subvencionado.

Nos supostos nos que da conta xustificativa ou do proceso de comprobación se deduza que a actividade obtivo axudas ou subvencións públicas por importe superior ao 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

Base 14ª Comprobación da aplicación da subvención e control financeiro.

Unha vez rematado o procedemento de aprobación das contas xustificativas procederase a efectuar o control financeiro ao que fai referencia o Título III da Lei Xeral de Subvencións, e os artigos 41 e seguintes da Lei de Subvencións de Galicia 09/2007, sobre unha mostra representativa de expedientes que poderá alcanzar ata un 10% dos beneficiarios e/ou entidades.

A selección dos beneficiarios sometidos ás actuacións de control financeiro realizarase mediante sorteo polo Consello Reitor do Concello de Sada ou por proposta motivada do Órgano Instrutor ou da Intervención do Concello de Sada. Aos beneficiarios afectados comunicaráselles a natureza e o alcance das actuacións de control, así como a documentación que deberán poñer a disposición dos órganos de control do Concello de Sada.

O desenvolvemento do control financeiro corresponderalle á Intervención municipal, ben sexa directamente, ben a través do Administrador do Concello de Sada, que será o responsable da comprobación e verificación da correcta aplicación dos fondos públicos transferidos.

A tal fin, as actuacións de control estenderanse a todos os datos aportados polo beneficiario nas súas xustificacións, sexan tanto deportivos como económicos, e realizaranse sobre o exame de documentación orixinal de carácter probatorio con respecto ás actividades desenvolvidas, cos seus correspondentes comprobantes de gastos e ingresos e que figuren na conta xustificativa presentada.

Unha vez finalizadas as actuacións de control financeiro, elevarase ao Consello Reitor do Concello de Sada un informe sobre os incidentes detectados, sen prexuízo de calquera outro tipo de actuación que poida resultar procedente, incluídas no seu caso, as dirixidas á esixencia de reintegros das subvencións concedidas.

Base 15ª. Reintegro e perda do dereito á subvención. Incumprimentos e sancións.

En caso de incumprimento da entidade dos deberes recollidos nas presentes bases, na convocatoria, no procedemento de concesión ou demais normativa aplicable, procederase á tramitación de expediente de reintegro ou perda de dereito, segundo se recolle no Título II da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo que devolver parcial ou totalmente a subvención percibida ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda de dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propoñer as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditará a resolución que corresponda o Consello Reitor do Concello de Sada.

No suposto de observar incumprimentos do proxecto e alteracións das condicións tidas en conta para a concesión de subvencións, ou non acreditar a realización do gasto que serviu de base para concesión da subvención, o Consello Reitor do Concello de Sada poderá modificar a resolución de concesión, reducindo proporcionalmente os importes da mesma.

As deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario darán lugar ao reintegro das entregas a conta realizadas e á esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases reguladoras seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 16ª. Pago

Procederase ao libramento da subvención concedida logo da xustificación íntegra pola entidade beneficiaria da aplicación da subvención recibida, e logo da aprobación polo Consello Reitor do Concello de Sada.

A entidade beneficiaria deberá incluír unha declaración responsable de estar ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social.

O importe da axuda quedará afectado á garantía dos deberes da entidade beneficiaria co Concello de Sada. Para estes efectos a Administración do Concello de Sada procederá a reter e compensar a cantidade suficiente con cargo á dita axuda.

Base 17ª. Deberes das entidades ás que se lles conceda subvención

Ademais dos deberes dispostos na normativa de aplicación, as entidades ás que se lles conceda subvención obríganse a:

- Non modificar o programa aprobado da actividade subvencionada sen expresa autorización do Concello de Sada, excepto causa de forza maior. O incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou proxecto comportará o reintegro proporcional da subvención ou ao seu rateo.
- Facer explícito o patrocinio ou colaboración do Concello de Sada. O Concello de Sada requirirá, en calquera momento anterior ao libramento da subvención, canta documentación ou medios gráficos considere oportunos para comprobar a súa realización.
- Achegar constancia gráfica da actividade (formato dixital se é posible).
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Sada, pola Intervención Xeral Municipal, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de comprobación, fiscalización e control do destino das subvencións.
- Permitir a verificación das actividades financiadas coa subvención. O persoal do Concello de Sada terá acceso libre ás instalacións onde se desenvolva a actividade subvencionada.
- Xustificar a subvención concedida de acordo con estas bases reguladoras.

- Colaborar cos programas e actividades deportivas do Concello de Sada.

Base 19ª. Normativa aplicable

En todo o non especificado nas presentes bases, estarase ao disposto na Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións (BOP de 9 de xullo de 2005), na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003 xeral de subvencións de acordo coa súa disposición última primeira e, suplementariamente, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia ou normativa que as substitúa. E no RD 887/2006, do 17 de novembro, xeral de subvencións. En materia de procedemento administrativo, á Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Base 20ª. Entrada en vigor

Estas bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente convocatoria foi aprobada pola XGL súa sesión extraordinaria urxente do 31 de decembro do 2022

A secretaria.- María del Carmen Seoane Bouzas

Sada, 16/01/2023.

A alcaldesa,

María Nogareda Marzoa

ANEXO I

Relación de equipamento

a) Relación de equipamentos de adestramento ou competición específicos por modalidades deportivas:

1. Actividades subacuáticas, esquí náutico, motonáutica, pesca e casting: boias, balizas, corcheras e material de sinalización acuático.
2. Aeronáutica: redes de protección de público e material de sinalización específico.
3. Atletismo: xavelinas, pesos, martelos, discos, colchóns, pértegas e valos.
4. Automovilismo, caza, golf, motociclismo e tiro ao voo: simuladores.
5. Bádminton, béisbol e sófbol, pádel, tenis e voleibol: redes, postes, máquina lanza bólas, máquina lanza plumas e máquina lanza balóns.
6. Baloncesto: canastras, sistemas que formen parte da canastra, e protectores canastras.
7. Balonmán, fútbol, hóckey e patinaxe: portería e redes, proteccións, cascos, conos, patíns.
8. Billar: mesas de xogo e tapete.
9. Birlos: xogo de birlos.
10. Boxeo: tatami ou tapiz, cascos de protección.
11. Chave: xogo de chave.
12. Ciclismo e tríaatlón: rodetes e soporte multimedia para adestramento en rodete e bicicletas.
13. Columbicultura e colombofilia: gaiolas para traslado de pombas nas competicións.
14. Deporte adaptado: cadeiras de rodas, bicicletas adaptadas.
15. Deportes de inverno: redes de protección.
16. Espeleología e montañismo: cordas e arneses, poleas, mosquetones, aseguradores, descensores, bloqueadores, cascos e sistemas ou elementos de seguridade.
17. Esgrima, judo, kárate, kickboxing, kung fu, loita e taekwondo: tatami ou tapiz, cascos e sistemas de protección non electrónicos, petos electrónicos, cascos electrónicos, receptor Wi-fi e cargadores, taboleiros visualizadores electrónicos de puntuacións, cos maletíns, baterías e carga baterías recargables.
18. Halterofilia: halteras, barras, discos, pesas, andeis de barras, ergómetros, colchóns.

19. Hípica: cadeiras de montar, remolque cabalos, porterías ou aros.
20. Natación: corcheras, porterías waterpolo, equipos de música subacuática para natación sincronizada.
21. Orientación: balizas e sensores, sistemas de navegación ou de posicionamento, gps.
22. Pelota: xogo de pelotas.
23. Petanca: xogo de petanca.
24. Piragüismo, remo e surf: embarcacións de competición, así como os distintos compoñentes, remos ou pas, cascos, chalecos salvavidas, ergómetros, cuentapaladas, porterías de kaiak-polo e lanchas pneumáticas.
25. Rugby e fútbol americano: escudos, bolsas tacleo, porterías, protectores porterías e máquina de melés.
26. Salvamento e socorrismo: esquí de salvamento, táboas de salvamento e pas.
27. Squash: interactive squash e máquina lanza bólas.
28. Tenis de mesa: mesas de competición.
29. Tiro con arco e tiro olímpico: parapetos e dianas ou brancos (exceptúanse os pratos).
30. Ver: embarcacións de competición, mastros, botavaras e outros compoñentes, lanchas pneumáticas.
31. Xadrez: taboleiros, pezas e reloxos.
32. Ximnasia: tatami ou tapiz, trampolín, colchón, varanda, argolas, barra fixa, barras paralelas, barras asimétricas, barra de equilibrio, cabalo con arco, poldro, camas elásticas, practicable, airtrack e minitramp.
- b) Equipamentos non específicos: 1. Carros, remolques ou bacas para o transporte de material de competición e adestramento. 2. Material de ximnasio: halteras, barras, discos, pesas, andeis de barras, ergómetros, bicicletas, colchóns, máquinas de pesas. 3. Furgonetas para o transporte de deportistas e material de competición e adestramento. 4. Marcadores portátiles e sistemas de cronometraxe. Equipos e software de programas de puntuación e de control de volta. 5. Cadeiras para xuíces/árbitros. 6. Plataformas de saída e placas de xiro para natación. 7. Ring para boxeo e kickboxing. 8. Sistemas de calefacción portátiles. 9. Máquinas de pintado de campo e corta céspede.
- c) Material sanitario: Desfibrilador, equipamento de seguridade e prevención inventariable no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19 (bombos, sistemas de ventilación, sistemas de dispensadores de hidrogeles, sistemas de toma de temperatura, etc.). A Comisión de Valoración poderá ampliar a relación de equipamentos deportivos subvencionables que se recollen neste anexo, en función das solicitudes presentadas e sempre que quede xustificada a súa utilización para a práctica deportiva desenvolvida.

ANEXO II**SUBVENCIONES A CLUBES E SOCIEDADES DEPORTIVAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS**

RAZON SOCIAL	
NIF	
DIRECCIÓN	
CONCELLO	
PARROQUIA	
PROVINCIA	
TELÉFONO	
E-MAIL	
MODALIDADE	
ESPECIALIDADE	
FEDERACIÓN	

E NA SUA REPRESENTACIÓN

NOME E RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

EQUIPAMENTOS QUE INTEGRAN A SOLICITUDE

Específicos

Tipo de equipamento	Equipamento	Número de unidades	Coste/Unidade (con IVE)	Orzamento (CON IVE)

Non Específicos

Tipo de equipamento	Equipamento	Número de unidades	Coste/Unidade (con IVE)	Orzamento (con IVE)

Material Sanitario

Tipo de equipamento	Equipamento	Número de unidades	Coste/Unidade (con IVE)	Orzamento (con IVE)

ORZAMENTO TOTAL (con IVE)	
---------------------------	--

DATOS DA ENTIDADE	
A) Méritos deportivos da entidade	
1)Estrutura deportiva na tempada 2021-22 (criterio aplicable aos clubs e sociedades deportivas) considerando o ámbito principal de actuación de maior importancia no que se desenvolva a actividade deportiva da entidade	
Ámbito internacional (participación individual ou colectiva en campeonatos/ligas de Europa ou do Mundo)	
Ámbito estatal (participación individual ou colectiva en campeonatos de España ou ligas de categoría nacional)	
Ámbito autonómico (participación en competicións autonómicas)	
Ámbito local	
Denominación da liga ou campeonato indicado	
2)Logros deportivos en 2021 (criterio so aplicable nos clubs e sociedades deportivas)	
Campeón de Europa/mundo individual ou colectivo	
Subcampeón de Europa/mundo individual ou colectivo	
Campeón de España individual ou colectivo	
Subcampeón de España individual ou colectivo	

Detalles do logro deportivo indicado:

Relación de deportistas de ALTO NIVEL

NOME	APELIDOS	NIF

B) Ámbito subxectivo do uso do equipamento	
1) Número total de licencias federativas na tempada 2021 ou 2020-2021	
150 ou máis deportistas con licencia federativa	
Entre 100 e 149 deportistas con licencia federativa	
Entre 50 e 99 deportistas con licencia federativa	
Entre 20 e 49 deportistas con licencia federativa	
2) Apoio á igualdade de xénero na tempada 2021 ou 2020-2021	
Porcentaxe de máis do 60% de deportistas femininas con licencia federativa	
Porcentaxe de entre máis do 40% e menos do 60% de deportistas femininas con licencia federativa	
Porcentaxe de entre máis do 30% e menos do 40% de deportistas femininas con licencia federativa	
Porcentaxe de entre máis do 20% e menos 30% de deportistas femininas con licencia federativa	
3) Apoio a persoas con discapacidade na tempada 2021 ou 2020/2021	
Porcentaxe de máis do 60% de deportistas con discapacidade con licencia federativa	
Porcentaxe de entre máis do 40% e menos do 60% de deportistas con discapacidade con licencia federativa	
Porcentaxe de entre máis do 30% e menos do 40% de deportistas con discapacidade con licencia federativa	
Porcentaxe de entre máis do 20% e menos 30% de deportistas con discapacidade con licencia federativa	
4) Apoio ao deporte de base na tempada 2021 ou 2020/2021	
Porcentaxe de máis do 60% de deportistas con licencia federativa previa á absoluta	
Porcentaxe de entre máis do 40% e menos do 60% de deportistas con licencia federativa previa á absoluta	
Porcentaxe de entre máis do 30% e menos do 40% de deportistas con licencia federativa previa á absoluta	
Porcentaxe de entre máis do 20% e menos 30% de deportistas con licencia federativa previa á absoluta	

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos.
2. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 de la Lei 38/2003, de 17 de Novembro, xeral de subvencións.
3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 de la Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.
4. Estar ao corrente do pago de obrigacións por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) de la Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia, e ao artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado no Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de Xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que figura inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia na data da convocatoria anual de subvencións deportivas de Galicia.
6. Que ten actualizados os seus estatutos ás disposicións vixentes en materia deportiva.

SINATURA

ANEXO III

CERTIFICACIÓN DO ACORDO DO ÓRGANO COLEXIADO COMPETENTE DA ENTIDADE DEPORTIVA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		NIF	
NA SÚA REPRESENTACIÓN	NOME:	APELIDOS:	
		NIF:	
DATOS DA PERSONA (en calidade de secretario ao cargo con potestade de certificar) NOME: PRIMEIRO APELIDO: SEGUNDO APELIDO: NIF:			

CERTIFICA QUE POR ACORDO (especificar órgano colexiado do goberno da entidade que adopta o acordo. Exemplo: xunta directiva, asamblea, consello de administración, etc.)

NA DATA:

OS EQUIPAMENTOS QUE INTEGRAN A SOLICITUDE, ORZAMENTO PARCIAL E ORZAMENTO TOTAL SON:

NOME DO EQUIPAMENTO	Nº UNIDADES	COSTE/UNIDADE (CON IVE)	ORZAMENTO TOTAL (CON IVE)
ORZAMENTO TOTAL (CON IVE)			

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS. A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas os seguintes datos

NIF da entidade solicitante	SI	NON
NIF da entidade representante	SI	NON
Certificado de estar ao corrente do pago das débedas tributarias coas AEAT e co Concello de Sada	SI	NON

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

ANEXO IV

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL:

NIF:

NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

APELIDOS:

NIF

EQUIPAMIENTO DEPORTIVO SOLICITADO

Explicación da necesidade dos equipamentos que se solicitan:

FIRMA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data:

ESPECÍFICO

NON ESPECÍFICO

MATERIAL SANITARIO

ANEXO V**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL		NIF	
NA SÚA REPRESENTACIÓN	NOME:	APELIDOS:	
		NIF:	
DATOS DA PERSONA (en calidade de secretario ao cargo con potestade de certificar)			
NOME:			
PRIMEIRO APELIDO:			
SEGUNDO APELIDO:			
NIF:			

CERTIFICA

- A aprobación, polo órgano competente, da xustificación da subvención na que se fai constar de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os distintos conceptos e cuantías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada, coa seguinte relación: identificación da/d acreedor/a, número de fatura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de pago.
- A anotación na contabilidade do gasto correspondente á adquisición do equipo subvencionado, según informe da/do la tesoureira/o da entidade deportiva beneficiaria.
- A adquisición de equipos realizouse seguindo o seguinte procedemento:
 - Solicitude de tres ofertas, de conformidade co establecido no artigo 48.2.f) do Decreto 11/2009, de 8 de Xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de la Lei de subvencións de Galicia.
 - A elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa.
- As solicitudes das ofertas, elección e o pago do material realizáronse con posterioridade á publicación da convocatoria da subvención e este foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

